

**Nova apertura de tenda franquizada en León**

**EROSKI ESPALLA O MODELO DE SUPERMERCADOS XESTIONADOS POR PERSOAS CON MINUSVALIDEZ A TRES COMUNIDADES**

- Trátase do quinto establecemento destas características cos que conta a cooperativa; os outros están no País Vasco e Cataluña
- EROSKI continúa a espallar o modelo de empregabilidade para persoas con minusvalidez que comezou a desenvolver no 2015 xunto a GUREAK e no 2017 xunto con AMPANS
- O novo establecemento conta cunha sala de vendas de 300 m<sup>2</sup>, unha variedade de 3.500 referencias e está xestionado por un equipo de oito persoas
- Esta iniciativa, que emprende xunto co centro especial de emprego SOLTRA, busca abrir novas oportunidades para a inclusión laboral de persoas con capacidades diversas

Elorrio, 9 de maio do 2019.- [EROSKI](#) segue a consolidar o seu proxecto para a integración social e laboral de persoas con minusvalidez e inaugura un novo supermercado franquizado baixo a insignia EROSKI City na localidade leonesa de Ponte Villarente. Esta iniciativa, que emprende xunto co centro especial de emprego SOLTRA, busca abrir novas oportunidades para a inclusión laboral de persoas con capacidades diversas. Este é o quinto supermercado destas características que inaugura a cooperativa.

EROSKI inaugurou o seu primeiro supermercado xestionado integramente por persoas con minusvalidez no 2015 en Guipúscoa con GUREAK, un grupo empresarial que ten como misión xerar e xestionar oportunidades laborables estables e convenientemente adaptadas para persoas con minusvalidez. No País Vasco conta con outros dous situados en Vitoria. *"Hai tres anos botamos a andar unha iniciativa pioneira de innovación social coa ilusión de podela espallar. O balance positivo das experiencias anteriores confirma a competitividade do noso modelo de tenda franquizada, aberta a ser compartida con emprendedores, cooperativas e empresas da economía social co obxectivo de crear emprego e riqueza no noso contorno e de avanzar na diversificación do emprego social"*, destacou o director de Franquías de EROSKI, Enrique Martínez.

No 2017 Caprabo e a fundación AMPANS puxeron en marcha en Cataluña un proxecto de innovación social para a inclusión laboral de persoas con minusvalidez inaugurando o primeiro supermercado destas características en Barcelona.

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

**CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



Logo dun investimento de 350.000 euros, o novo supermercado de León, que opera baixo o réxime de franquía a través da insignia EROSKI City, conta cunha sala de vendas de 300 m<sup>2</sup> na que os clientes poderán atopar unha ampla variedade de referencias de 3.500 produtos de marcas líderes, marcas propias e produtores locais.

O establecemento está xestionado por un equipo de oito persoas con capacidades diferentes que recibiron formación específica para os distintos postos que van desempeñar como caixeiros, repoñedores, responsables... durante os meses previos nos supermercados Autoservizos Familia que Vegalsa-EROSKI ten en León.

### **Unha empresa aberta a todos**

A xestión da diversidade é parte integrante da política de xestión de persoas de Vegalsa-Eroski. Para iso leva a cabo políticas laborais inclusivas, priorizando a incorporación de persoas con diversidade funcional e de colectivos desfavorecidos, xa que como empresa está convencida de que a diversidade de miradas produce a excelencia.

No apartado de Responsabilidade Social cómpre salientar que durante o ano 2018 a compañía colaborou cun total de 38 entidades con colectivos en risco de exclusión, reflexo da importancia que a compañía lle dá a axudar a colectivos vulnerables en materia de formación e de inclusión laboral. A compañía asinou 100 convenios de colaboración; formou 135 alumnos en prácticas e sumou 44 novas incorporacións ao equipo de Vegalsa-Eroski.

### **EROSKI inaugurou 52 franquías no 2018**

EROSKI inaugurou 52 franquías no 2018, cun investimento global que ascendeu a 7.650.000 euros e creou 308 postos de traballo. EROSKI avanza con paso firme para que a cooperativa teña presenza en toda España. A rede franquizada atópase xa en todas as comunidades autónomas (agás en Canarias) e o propósito para este ano é facela máis extensa mantendo a alta taxa de aperturas de anos anteriores co mesmo éxito que bota un balance de máis de 267 inauguracións nos últimos catro anos alcanzando o medio milleiro de supermercados franquizados na actualidade.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

#### **CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)